



O COUREL
DOS TESOS
CUMES

ARQUEOLOXÍA E TERRITORIO

V XORNADA DE DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO LUCENSE

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE



EXPOSICIÓN

Textos e comisariado: Enrique Alcorta, Iván Álvarez,
Aurelia Balseiro e M.^a Ofelia Carnero.




DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

V I C E P R E S I D E N C I A



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO




PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE

BENS ARQUEOLÓXICOS SENILLEIROS NO MPL

O Courel, aínda que rico en xacementos arqueolóxicos, sobre todo castros e minas de ouro romanas, é, ata polo de agora, unha zona pouco intervida arqueoloxicamente polo que resultan escasos os materiais para o seu coñecemento.

Cerámica da Cova do Oso

Trátase de tres fragmentos cerámicos, realizados á man, que definen parte dunha ola de perfil en “S”. Dous destes fragmentos están decorados, no seu diámetro, cunha banda de incisións dispostas en “espiña de peixe”, que remite a finais da Idade do Bronce ou principios da Idade do Ferro. Dáse a circunstancia de que, na prospección levada a cabo no ano 1977, localizouse outro fragmento cerámico pertencente á mesma peza que está na Facultade de Xeografía e Historia da USC.



Fragmentos cerámica Cova do Oso

Agua do Courel

Figuriña de bronce de 9,5x7,5 cm, de vulto redondo representando unha agúa coas ás abertas, a medio pregar. Posible remate dun estandarte ou *vexillum*. Presenta dúas perforacións baixo a cola e indicios doutras tres. Foi traballada, probablemente, á cera perdida. As plumas do corpo simúlanse mediante incisións lonxitudinais. As das ás parecen realizadas mediante incisión, apreciándose, unicamente, pola parte superior, xa que a inferior permanece lisa. Os trazos de ollos e pico tamén se definen mediante incisións.



Agua do Courel



Tabula do Courel

Tabula do Courel


Esta placa de bronce mide 29x29,5x17 cm. Está decorada e ten unha longa inscrición que a define como unha *Tabula Hospitalis*, estampación de fe pública, realizada sobre placas ou láminas de bronce, constatando a relación contraída entre as partes que subscriben e, como tal, é un instrumento de carácter público, xeralmente exposto nun lugar visible, para coñecemento de todos e todas. Neste caso, documenta un acordo de acollemento clientelar da familia de *Tigelus Ambatus* por parte do pobo/tribo dos *Lougeis Castellani Toletensii*, subscrita no ano 28 d.C., coincidente coa maxistratura consular de Apio Silano e Silio Nerva, nomes que encabezan a inscrición.



Cabeciña da Tabula do Courel


APPIO·IVNIO·SILANO·P(ublio) SILIO/NERVA
CO(n)S(ulibus)/TIGELLVS AMBATO F(ilius)
SVSARRVS/C (invertida) AIOBAIGIAECO
HOSPITVM/IFECIT CVM LOVGEIS
CASTELLANIS/TOLLETENSIBVS SIBE VXORE
LIBE/RIS POSTERISQUE SVIS EVMQ/VE
UXOREM LIBEROSQUE EIVS/IN FIDEM
CLIENTELANQUE SUAM SUORUMQUE
IN PERPETVO CAS/TELLANEI TOLETENSIS
RECEPERVNT/EGIT TILLEGUS AMBATI
(filius) IPSE/MAG(istratis) LATINO
ARI (filio) ET AIO TEMARI (filio).

“Sendo cónsules Appio Iunio Silano e Publio Silio Nerva, Tillego, fillo de Ambato, de orixe susarra, do Castellum dos Aiobaiciaegos, contraeu lazos de hospitalidade cos Lougeis, do Castellum Toletense, para el, a súa muller, os seus fillos e descendentes. Da súa parte, os habitantes do Castellum Toletense recibírono a perpetuidade na súa protección e na súa clientela, así como a súa muller, fillos e descendentes. Feito polo mesmo Tillego, fillo de Ambato, baixo os maxistrados Latino, fillo de Aro e de Aio, fillo de Temaro”.



Detalle da grafía da Tabula do Courel

© EAI-IAM-ABG-OCV





PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE


O CASTRO DA TORRE



Tamén coñecido como Castro de Sobredo ou Torre do Castro, localízase próximo ao lugar de Sobredo, no municipio de Folgoso do Courel. Álzase sobre unha cima a uns 750 metros sobre o nivel do mar, dominando o val do río Lor. Cunhas dimensións aproximadas de 50x150 m, a meseta atópase ocupada por construcións realizadas en lousa, contando cun foso que o illa do exterior.

Foi escavado ao longo de catro campañas, entre os anos 1993 e 1996, baixo a dirección de Antonio Álvarez Núñez, estando depositados no MPL os materiais recuperados durante estas intervencións.


A superficie escavada móstranos un conxunto de cabanas de plantas cuadrangulares ou rectangulares, algunhas delas con dobre altura, que estaría activo, xa, na segunda metade do século I d.C., nunha fase que perduraría ata a segunda centuria, con remodelacións posteriores no alto Imperio avanzado e Baixo Imperio.



Plano de estruturas

O material arqueolóxico inventariado, custodiado no MPL, foi recentemente obxecto dunha revisión e clasificación máis profunda, realizada polo departamento de Arqueoloxía/Historia, identificando, individualmente cada fragmento, o que permitiu establecer algunhas características xerais para o conxunto.

- Trátase dun material bastante fragmentado e erosionado por axentes meteorolóxicos.



Terra Sigillata Hispanica

- O conxunto da cerámica común está composto, substancialmente, por vasillas de tradición indíxena, especialmente de sinxelas olas groseiras globulares de bordo curvo ou exvasado, con mostras finas illadas. Entre este material, de tradición local, intercálanse elementos de procedencia romana, sendo ilustrativos algúns fragmentos de *Terra Sigillata Hispanica*, dos séculos II e III d. C., chegando ata o IV (TSH Drag. 37T).



Ola galaico-romana

- Dentro deste conxunto material o que máis destaca é a moi abundante presenza de elementos metálicos, xa sexan elaborados (chatolas e cravos en número abundante), como mostras do seu procesado (escoura, en ocasións, en grandes cúmulos), como material en bruto (pedras hematitas).



Chatolas de ferro

- Ademais localizáronse, polo menos, cinco moedas, identificándose un posible antoniniano acuñado por Gordiano III (238-244) e tres *foliis*.



Antoniniano de Gordiano III

Con todo o exposto podemos concluír que o Castro da Torre constituiría un pequeno poboado ao servizo das explotacións mineiras situadas no contorno.

© EAI-IAM-ABG-OCV




DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

V I C E P R E S I D E N C I A



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE

OCUPACIÓN DO TERRITORIO

A serra do Courel esténdese ao leste da actual provincia de Lugo, facendo de límite coa comunidade de Castela e León. O concello de Folgoso do Courel, coas súas parroquias de Esperante, Folgoso, Horreos, Meiraos, Noceda, Seceda, Seoane, Vilamor e Visuña, ocupa boa parte da serra, que se estende, tamén, por zonas dos concellos de Quiroga, O Incio, Samos, Triacastela e Pedrafita do Cebreiro, na provincia de Lugo, así como Barxas, Vega de Valcarce e Oencia na de León.

O seu carácter abrupto, montañoso, derivou nunha mala comunicación e forzou, tradicionalmente, o seu illamento e a súa economía de subsistencia.


Esta incomunicación permitiu a conservación dunha cultura tradicional, cuxo máximo expoñente é a pervivencia de construcións de tipo arcaico, inspiradas nas cabanas de tradición castrexa, caracterizadas pola súa planta rectangular con peche exterior pétreo, estrutura interna de madeira e cuberta de palla. En canto á súa economía, estaba baseada, tradicionalmente, nunha agricultura básica cunha poboación pouco numerosa.

Porén, é este, o val do río Lor, un territorio xeolóxico dominado polas lousas, xistos, cuarcitas e calcarias, de gran riqueza mineira, beneficiándose, sobre todo, de ferro e ouro.

Así, pódese considerar que o interese de Roma por controlar a zona, a partir do século I d.C., centrouse, de maneira especial, na explotación de recursos mineiros, casos da mina da Toca e Torubio (Folgoso do Courel), por citar só un par de exemplos, xa que indicios de actividades extractivas e dos conseguíntes sistemas hidráulicos están recoñecidos noutros moitos lugares, conformando unha área de intensa actividade mineira.

Actividade que, máis alá do simplemente extractivo, tería outras manifestacións en distintos modos de ocupación e control do territorio, a creación de vías secundarias, novos poboamentos, afectación sobre a paisaxe, etc.


O mapa proporcionado polo “Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel” recolle os xacementos e estruturas históricas coñecidas ata arestora.




O outro mapa, de elaboración propia, reflicte o listado de xacementos identificados na prospección feita, na zona, en 1977, baixo a dirección dos profesores Luzón Nogué e Sánchez Palencia, coa colaboración dos membros do Departamento de Historia Antiga da Facultade de Historia Antiga da Facultade de Xeografía e Historia da USC, permite divisar un panorama de alta concentración de xacementos. ➡



Castelo de Carbedo



Mina da Toca



1. Castro de Carbedo
2. Torre Cabreira
3. Castro de Mogoxe
4. Mina da Toca
5. Torubio Oeste
6. Castro Romeor
7. Torubio Este
8. Millares
9. Castro de Devesa do Rei
10. Necrópole de Esperante
11. Cova do Oso
12. Torre do Castro / Castro Sobredo
13. A Croa / Teso do Castro
14. Castro de Fouciños / Forcellas
15. Castro de Foz
16. Cotorro do Castro de Villasibil
17. Castro de Santo Estevo
18. Castro de Cousoliños / Piñeira
19. Castrín de Cotelo
20. Castro de Miraz
21. Castro de Vilar
22. Campo de Vilar
23. Cova Tras da Lastra
24. Túnel de Romeor
25. Castro de Brío / Vigo
26. Covo do Eixe
27. Castro de Mercurín
28. Castro de Paderne
29. Cova Londo do Meo
30. Castro de Parada
31. Egresario / San Román
32. Castro da Torre
33. Monte Barreiros
34. Castro Portela I
35. Cortas de Castro Portela
36. Castro de Vilamor
37. Castro Portela II
38. Aluviós de Froxán
39. Ermida de Castro Portela

© EAI-IAM-ABG-OCV



PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE

TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS DE A. ÁLVAREZ NÚÑEZ



A. Álvarez Núñez na Mina da Toca (1992)



Escavación no Castro da Torre, O Courel




Equipo de traballo da campaña de 1995
no Castro da Torre, dirixido por Antonio Álvarez

Antonio Álvarez Núñez naceu en Veigamuiños, no Barco de Valdeorras, no ano 1946. Moi novo, con 16 anos e “unha maleta con media ducia de libros e moi pouca roupa”, emigrou a Barcelona, onde desenvolveu varios traballos mentres estudaba enfermería, diplomándose como Axudante Técnico Sanitario en 1967. Exerceu como sanitario en varias localidades da provincia de León para, pouco despois, entrar como enfermeiro no Exército de Terra, licenciándose en 1978 co grado de Subtenente.

Desde que o seu avó lle dixera de neno que nunha das viñas que traballaban había unha cidade enterrada, sentiuse atraído pola arqueoloxía, pero non foi até que tomou praza de ATS no Concello de Campo Lameiro, en Pontevedra, cando comezou a súa carreira investigadora. Entrou na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela no ano 1975, licenciándose cinco anos máis tarde, pero desde uns anos antes xa comezara traballar na catalogación dos petróglifos de Campo Lameiro e Cotobade, iniciando así o que sería a súa Tese de Licenciatura. Nestes tempos escavou tamén o Castro de Penalba, tamén en Campo Lameiro, un referente na arqueoloxía do país. Esta dedicación ao patrimonio local foi agradecida, anos despois, en 2018, coa dedicación dunha rúa por parte do concello.

A mediados dos anos 80 o seu traballo de enfermeiro lévao ao Concello de Ferreira de Pantón, na Comarca do Val de Lemos, en Lugo, e de aí, uns anos despois, ao da Pobra de Brollón, tamén no sur da provincia. Se ben neses primeiros anos 80 continúa investigando vinculado a Pontevedra, a comezos dos 90, e grazas a un convenio coa Deputación Provincial de Lugo, traballa como arqueólogo do Museo Provincial, encargándose da organización da Sección de Arqueoloxía. Rematados estes traballos, en 1992, continuará vencellado ao museo como investigador. Nestes anos desenvolve varias campañas de escavación arqueolóxica no Castro de Barán, en Paradela, a Necrópole medieval das Eirexas, en Pantón, e no Castro da Torre de Sobredo, en Folgoso do Courel, propoñéndolle á deputación a investigación no Castro de Vilar, a Mina da Toca e mesmo que soliciten a declaración de BIC para a aldea de Froxán. No ano 1996 será o curador da exposición “El Oro y la Orfebrería Prehistórica de Galicia”.

Faleceu en Ourense no ano 2010.




Diarios de escavación do Castro da Torre (1995)



Pavimento de lousas en chapacuña.
Campaña escavación (1995)



Lareira. Campaña escavación (1995)




Texto manuscrito de Antonio no diario de escavación
do Castro da Torre (1995)


© EAI-IAM-ABG-OCV



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO